

CURSO ESCOLAR 2022-23

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

ORDE do 29 de abril de 2022 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2022/23. (código de procedemento **ED330B**). (Diario Oficial de Galicia do 18 de maio de 2022)

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

REQUISITOS:

- Ter una renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €.
- Ter una renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: Do **19 de maio** ao **22 de xuño** de 2022.

SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN:

- A solicitude será **única** para todos os fillos/as e tipos de axuda*.
- Presentar o **ANEXO I** preferiblemente por vía electrónica: en <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/> ou na sede electrónica <https://sede.xunta.gal/portada>.
- Tamén se poderán presentar as solicitudes **presencialmente** no centro docente. Os impresos para a solicitude presencial pódense imprimir dende a aplicación <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>(ANEXO I) ou recollelos no centro.

PRAZOS

19 de maio: comezo do prazo para presentar solicitudes

22 de xuño: data límite de presentación de solicitudes.

11 de xullo: data límite para a publicación das listaxes provisionais.

22 de xullo: data límite para a publicación das listaxes definitivas (ESO).

A entrega de libros de ESO será a primeira semana de clase, en setembro de 2022.

* A solicitude será única para todos os fillos e, de ser o caso, tutelados, que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2022/23, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no citado curso. Se estivesen admitidos en centros docentes distintos, presentarase unha solicitude en cada un dos centros, na que se incluírán os admitidos nese centro para o curso 2022/23.

No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación fondolibros, será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno aínda que estean no mesmo centro.

Cando o alumnado, no momento de presentar a solicitude, aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2022/23, deberá presentala no centro en que estivese matriculado no curso 2021/22.